


 ILMO. CONCELLO
 DE CAMBADOS

| | | | |
|---|---|---|-----------------------------------|
| Expte. Subvención 16/2021 Expte. Deputación 2021007414 | Expte. Subvención 353/2021 Expte. Consellería Economía, Empresa e Innovación IN519B 2021/34-0 | Expte. Actuación preparatorias contratos: 491/2021 | Expte. Contratación: 2693/2021 |
| Tipo de contrato: OBRAS | | | |
| Obxecto do contrato: DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PIAS | | | |
| Procedemento de contratación: Aberto simplificado. | | | |
| Tramitación: Ordinaria. | | | |
| Código CPV: 45233222-1Traballos de pavimentación e asfaltado | | | |
| Prezo estimado: 93.773,55 € | | IVE: 19.692,45 € | |
| Orzamento base de licitación: 113.466,00 € | | | |
| Duración: 1 MES | | | |



PRIMEIRO.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE. A vista do establecido nos artigos 28.1 e 116.4 da LCSP, a necesidade da realización do presente contrato xustifícase:

De conformidade co establecido no artigo 25 d), da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local o Concello ten a competencia na “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Tal e como se desprende da memoria do proxecto redactado polos Enxeñeiros, D. Javier Carballo Núñez e D. Gabino Grande Toro, na que se di que aproveitando os recursos procedentes da convocatoria da Consellería de Economía, Emprego e Industria para levar a cabo a dotación de determinadas infraestruturas dentro do polígono Industrial de Sete Pías, co obxecto de mellorar o entorno industrial, favorecendo o desenvolvemento do traballo e a implantación das empresas.





ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

Xustificase a necesidade dado o problema de aparcamento que está xurdindo polo aumento da actividade nas empresas do polígono, polo que se pretende cambiar varias rúas do polígono do dobre sentido a sentido único de circulación, aumentando considerablemente as prazas de aparcamento, polo que se terá que cambiar a sinalización horizontal e vertical das rúas afectadas.

SEGUNDO.- OBXECTO DO CONTRATO. O obxecto do contrato, en cumprimento do disposto polos artigos 99 e 231 da LCSP, atópase definido no proxecto das obras de “**DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS**”, redactado polos Enxeñeiros, D. Javier Carballo Núñez e D. Gabino Grande Toro.

As actuacións executaranse nos viais seguintes:

Resumen das obras por metro lineal de vía :

Os metros lineais que afectan aos viais sons os seguintes :

| LONXITUDE DAS OBRAS (m.) | | | | | | |
|--------------------------|------------|-------------------|------------------|------------------|----------------|-----------------------|
| | RÚA EXERIA | RÚA MARÍA CASTAÑA | RÚA MARUJA MALLO | RÚA MARÍA SOLIÑA | RÚA MARÍA PITA | RÚA CONCEPCIÓN ARENAL |
| LONXITUDE TOTAL VIAL | 341,78 | 333,92 | 454,81 | 202,04 | 301,03 | 297,47 |
| ASFALTADO | 341,78 | | | 202,04 | | |
| PINTURA VIAL (maior) | 341,78 | 333,92 | 454,81 | 202,04 | 301,03 | 297,47 |

O proxecto contempla a realización dos traballos seguintes:

“...FIRMES

Fresado de pavimento para enlace do pavimento novo.

Barrido de toda a zona de actuación de asfaltado.

Pavimentación de 8.103 m2. de viais e aparcamentos, cunha capa de 5 cm. de aglomerado en quente tipo AC16 SURF 50/70 D (D-12) en toda a superficie do tramo afectado do vial principal (Rúa Exeria) e a Rúa María Soliña. Despois da pavimentación faranse os recalces de todas as tapas de rexistro dentro do tramo afectado.

SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL

Pintura das liñas de carrís, liñas de aparcamento e pasos de peóns e cebreados en todas as rúas afectadas. Sinalización vertical de acordo aos planos que se adxuntan.

CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS

• FIRMES :

Limpeza enérxica de superficie de pavimento existente, mediante cepillo de aramio, incluso repaso manual.

Fresado de pavimento bituminoso ou de formigón existente, para un espesor de 5 cm, incluso carga, barrido, retirada e transporte de residuos a lugar de emprego e/ou xestor autorizado ata unha distancia de 60 km.

Firme a base de aglomerado en quente tipo Firme aglomerado quente AC16 SURF 50/70 D (D-12) de 5 cm de espesor, medido unha vez estendido e compactado, incluso rega de adherencia con 1 Kg de emulsión tipo ECR-2.

Recalce de tapas de rexistro en calzada con dado de formigón HA-25 armado con fibras de aceiro con dosificación 30 kg/m3 e espesor mínimo de 25 cm, incluso sinalización, balizamento, curado e protexido con pranchas de aceiro ancladas ao pavimento durante o fraguado de polo menos cinco (5) días, independentemente do uso obrigatorio de aditivos acelerantes.

• SINALIZACIÓN HORIZONTAL :

Borrado de marca vial reflexiva de ata 15 cm, con pintura acrílica negra, realizada con máquina autopropulsada. Medida a superficie realmente pintada.

Borrado de marca vial reflexiva en cebreados, con pintura acrílica negra, realizada con máquina. Medida a superficie realmente pintada.

Marca vial continua-discontinua reflexiva de 10 cm, con pintura reflexiva e microesferas de vidro, realizada con máquina autopropulsada, incluso premarcaxe.

Marca vial reflexiva en cebreados, con pintura reflexiva e microesferas de vidro, realizada con máquina, incluso replanteo e premarcaxe. Medida a superficie realmente pintada.




 ILMO. CONCELLO
 DE CAMBADOS

Marca vial reflexiva en símbolos e letreiros, con pintura reflexiva e microesferas de vidro, realizada con máquina, incluso replanteo e premarcaxe. Medida a superficie realmente pintada.

• **SINALIZACION VERTICAL:**

Cartel informativo parking camions en chapa de aceiro de 900x1350 mm. reflexiva E.G., incluíndo un poste de aceiro lacado en verde de 100x50x3 mm e 4,00 m. de altura, parafusería, escavación manual en terreo compacto ata unha profundidade de 1,5 m e formigonado, HM-20/P/20, totalmente colocado.

Sinal informativa bandexa direccional (2 liñas de información mais nome de concello) en chapa de aceiro de 1200x400 mm. reflexiva E.G., incluíndo un poste de aceiro lacado en verde de 80x40x2 mm e 3,00 m. de altura, parafusería, escavación manual en terreo compacto ata unha profundidade de 1,5 m e formigonado, HM- 20/P/20, totalmente colocado.

Sinal de perigo ou limitación de velocidade de diámetro 90 cm., incluíndo poste de sustentación, parafusería, e cimentación, escavación manual en terreo compacto ata unha profundidade de 1,5 m e formigonado de formigón HM-20/P/20, totalmente colocado.

Sinal triangular de lado 90 cm., normal e troquelada, incluso poste galvanizado de sustentación e cimentación, escavación manual en terreo compacto ata unha profundidade de 1,5 m e formigonado HM-20/P/20, totalmente colocado.

Sinal informativa cadrada reflectante E.G., de 60x60 cm, para sinalización de camiños, incluíndo poste galvanizado de sustentación de 80x40 mm e 3m de altura, parafusería, escavación manual en terreo compacto ata unha profundidade de 1,5 m e formigonado, HM-20/P/20, totalmente colocado...”

TERCEIRO.- O proxecto das obras de **“DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS”**, foi supervisado e aprobado por Decreto de Alcaldía, 2020-0150, de data 04/02/2021.

Investimento total segundo se desprende do proxecto:

| | | |
|--------------------------------------|-----------|-------------------|
| Execución material | | 78.801,31 |
| 13% Gastos xerais | 10.244,17 | |
| 6% Beneficio industrial | 4.728,07 | 14.972,24 |
| Valor estimado | | 93.773,55 |
| 21% IVE | | 19.692,45 |
| Presuposto base de licitación | | 113.466,00 |

CUARTO.- DIVISIÓN EN LOTES. No *expediente de contratación 2693/2021*, consta o informe xustificativo da non división en lotes do obxecto do contrato, emitido polo técnico municipal, en data 09/06/2021, en base ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO.- Nos *expedientes de subvencións 16/2021 e 353/2021*, constan as notificacións de concesións das axudas, outorgadas ao abeiro do **Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2021)** da Excm. Deputación de Pontevedra e da **Orde do 18 de decembro de 2020**, pola que se establecen as bases reguladoras para concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da CC.AA. da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, para levar a cabo as obras de **“DOTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SETE PÍAS”**, quedando polo tanto acreditada a plena dispoñibilidade dos financiamentos externos, de conformidade co establecido no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público, aceptándose ámbalas axudas por Decreto de Alcaldía.

Desglose do investimento:





ILMO. CONCELLO
DE CAMBADOS

MEMORIA DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN



| INVESTIMENTO TOTAL | | | | | |
|----------------------|-------------------|------------------|-------------------|------------------|--------------------------|
| Investimento | Orzamento sen IVE | IVE 21% (*) | Orzamento total | Axuda 80% | Aportación Mnpal 20% (*) |
| OBRA | 93.773,55 | 19.692,45 | 113.466,00 | 90.772,80 | 22.693,20 |
| HONORARIOS REDACCIÓN | 3.400,00 | 714,00 | 4.114,00 | 3.291,20 | 822,80 |
| HONORARIOS DIRECCIÓN | 2.000,00 | 420,00 | 2.420,00 | 1.936,00 | 484,00 |
| TOTAIS | 99.173,55 | 20.826,45 | 120.000,00 | 96.000,00 | 24.000,00 |

Observación (*): O IVE é subvencionable

Subvención outorgada pola Consellería de Economía, Empresa e Innovación:

| Total investimento Ive engadido | Subvención outorgada 80% | Achega Fondos Municipais 20% |
|---------------------------------|--------------------------|------------------------------|
| 120.000,00 | 96.000,00 | 24.000,00 |

Subvención aceptada por Decreto de Alcaldía 2021-0694, de data 25/05/2021

Financiamento da achega municipal:

| ORZAMENTO TOTAL | XUNTA DE GALICIA SUBVENCIÓN OUTORGADA | ACHEGA DO CONCELLO | |
|---|---------------------------------------|-----------------------|------------------|
| 120.000,00 | 96.000,00 | 24.000,00 (*) | |
| (*) SUBVENCIÓN OUTORGADA POLA EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PLAN CONCELLOS 2021, COMO ACHEGA A O INVESTIMENTO. ACEPTACIÓN SUBVENCIÓN DA SUBVENCIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA: DECRETO 2021-0639, 11/05/2021 | | Obra: | 22.693,20 |
| | | Redacción proxecto: | 822,80 |
| | | Honorarios dirección: | 484,00 |
| | | TOTAL | 24.000,00 |

SEXTO.- ELECCIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN.- O Concello de Cambados non dispón de medios nin materiais nin persoais para acomete-las obras por si, polo que resulta necesario tramita-lo correspondente expediente para a contratación das mencionadas obras.

Á vista do establecido no artigo 159.1 da LCSP, o contrato adjudicarase por **procedemento aberto simplificado**, dado que o valor estimado do contrato (**93.773,55 €**) non supera a cantidade de 2.000.000,00 €.

En Cambados.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.



Cod. Validación: AY6J38EDQYEF57NRA6667AMG | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4